

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE
SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-
OPOSICIÓN, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA**

ACTA CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

Exp. 45409/220

En Vigo, a 1 de abril de 2025, sendo as 9.15 horas, no despacho de Xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios (sito na pranta -1 da Casa do Concello) , réunese o tribunal cualificador para a selección de dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.

Atópanse presentes os seguintes membros:

Presidente: Antonio Vivero Mijares, xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios do concello de Vigo

1º Vogal: Rafael Moledo Alonso, Suboficial do servizo de extinción de incendios do concello de Vigo

2º Vogal: Bruno de Sousa Díaz, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de

Vigo

3º Vogal: David Antonio Fernández Lemos, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo

Secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo

Iníciase a sesión, procedéndose a:

PRIMEIRO.- Considerar constituído o Tribunal de Cualificación, atopándose presentes todos os membros titulares e entendendo cumpridos os requisitos para a súa válida actuación, declarando os presentes que posúen a formación requirida en igualdade.

SEGUNDO.- Examinar, a través da lectura individual por cada un dos membros do Tribunal, a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as, a fin de verificar a existencia ou ausencia de causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non concorrendo ningunha delas en ningún dos membros, segundo manifestación de cada un deles.

TERCEIRO.- Establecer as actuacións para desenvolver polo Tribunal:

- Prevese a realización de dez sesións, se ben acórdase a ampliación a outras dez (máximo 20) pola complexidade do proceso e a posibilidade da existencia de alegacións. Tódalas sesións serán presenciais.
- A orde das votacións serán, 1º vogal, 2º vogal, 3º vogal e presidente.
- Solicítase asistencia ás Áreas de RRHH e Formación e de Administración Electrónica para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2025 14:20	Páxina 1 de 2
45409-220	CSV: ADA7E6-44AF8B-D72E8E-8WZF4F-PWCSRVD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

todo o proceso e, en especial, para as confección e corrección do exámen tipo test e as probas escritas a realizar. Por este motivo dáselle traslado desta acta.

- Non se contempla a realización de sesións telemáticas.

Apróbase por unanimidade do Tribunal a proposta de actuacións.

Tamén se fai constar expresamente que ademais das actuacións previstas, o Presidente poderá convocar ao Tribunal a cantas reunións estime oportunas.

CUARTO.- Convocar, por orde do Presidente, aos membros do Tribunal á próxima reunión o día mércores 2 de abril de 2025 no despacho de Xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios (sito na pranta -1 da Casa do Concello) para tratar os seguintes asuntos:

- Valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as.
- Aprobación dunha proposta de lista de aspirantes coa puntuación obtida na fase de concurso e do lugar, data/s e hora/s para celebrar a primeira proba da fase de oposición (proba escrita).

QUINTO.- O Presidente lembra a todos os membros do Tribunal o deber de sixilo profesional e confidencialidade dos asuntos e os datos que se traten como consecuencia da súa participación como membros do mesmo e da obrigac de gardar un absoluto sixilo profesional en todas as materias que non sexan de publicación oficial e naquelas que aínda séndoo, non se publicaron aínda, co obxectivo de evitar calquera posible filtración.

Sendo as 10.40 horas do día arriba indicado, dáse por finalizada a sesión, da que dou fe coma secretaria co Visto e prace do presidente.

O Presidente Titular do órgano de selección

Antonio Vivero Mijares

A secretaria

Pilar del Carmen Saborido Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/04/2025 14:20	Páxina 2 de 2
45409-220	CSV: ADA7E6-44AF8B-D72E8E-8WZF4F-PWCSRVD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		